

## Asesorías na Consellaría

| <b>Departamento</b>                                      | <b>prazas</b> | <b>observacións</b>                                                                                                                                                                                                                                         |
|----------------------------------------------------------|---------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Secretaría Xeral Técnica</b>                          | <b>3</b>      | Xestión de datos e coordinación estratéxica                                                                                                                                                                                                                 |
| <b>MUPEGA</b>                                            | <b>2</b>      |                                                                                                                                                                                                                                                             |
| <b>DX Ordenación e Innovación</b>                        | <b>45</b>     | Currículo, reforzo, orientación, igualdade, novas tecnoloxías, convivencia, inclusión, orientación vocacional, programas, linguas estranxeiras, innovación, educación dixital, STEM, bibliotecas, formación de inspección e apoio á inspección, avaliación, |
| <b>DX de Formación Profesional</b>                       | <b>50</b>     | 41 FP (ordenación educativa, formación docentes FP, FP Dual, acreditación de competencias, acceso a ciclos, FCT entre outros), 1 artes plásticas, 1 ensinanza artística, 2 música e AA.EE., 2 Idiomas, 2 adultas, 1 ensinanza deportivas,                   |
| <b>CIEDIX (Centro de Innovación e Educación Dixital)</b> | <b>6</b>      |                                                                                                                                                                                                                                                             |
| <b>CGIFP Centro Eduardo Barreiros</b>                    | <b>10</b>     |                                                                                                                                                                                                                                                             |
| <b>DX Centros e RR.HH.</b>                               | <b>7</b>      | Catálogos de centros, concertos, autorización e rexistro, programas de formación e coordinación CAFI E CFR                                                                                                                                                  |
| <b>total</b>                                             | <b>123</b>    |                                                                                                                                                                                                                                                             |

Consideramos totalmente desafortunada e mal organizada a identificación dos requisitos das prazas. É algo que xa advertimos en convocatorias anteriores. Os perfís das prazas carecen de unidade de criterio, existen claras incoherencias e introduce unha confusión entre o que deberían ser perfís preferentes das prazas (unha especialidade, titulación ou experiencia laboral que poida ser preferente) e requisitos.

Froito dun debate na mesa sobre quen pode participar nesta convocatoria, a CIG-Ensinu defendeu que só poidan optar as estas prazas o persoal que ten destino ou está desempeñando o seu traballo en Galiza, **a administración acéptao.**

## Proposta da CIG-Ensino

- Incorporar un perfil de cada posto no que se indique o que se considera preferente. Isto non excluíría a participación de ningunha persoa mais claramente indicaría o que se vai valorar especialmente.
- Os requisitos deben ser o máis abertos posíbeis, evitando cando se poida limitalos a unha única especialidade, optando por ámbitos ou áreas de coñecemento e abertas, con carácter xeral, a todos os corpos.

A Consellaría indica que está de acordo en abrir as prazas a todos os corpos docentes, cando menos as que dependen da DX de Ordenación e Innovación.

Por outro lado, hai un total ausencia de relación entre o que se afirma nos requisitos (que deberían ser preferencias) e o baremo. Por exemplo, afírmase que “se valorará” a acreditación dun nivel mínimo de B1 noutras linguas estranxeiras para a praza de asesoría en programas de linguas estranxeiras mais despois non se pode determinar como se vai valorar porque non forma parte de ningún apartado do baremo, o que abre unha enorme marxe de arbitrariedade nas decisións da comisión.

A Consellaría informa que os perfís das prazas parten dunha redacción diferente en función do servizo que perfilou a praza.

### Algúns exemplos:

- ★ Posto de asesoría de xestión de datos. A especialidade de Matemáticas ou Informática podería ser un perfil preferente, xunto coa experiencia en análise e procesado de datos. O requisito podería ser, neste caso, o ámbito científico-tecnolóxico dentro do corpo de PES. Hai unha clara incoherencia co posto de asesoría de análise de datos para a inspección educativa, para o que se abre a Informática, Tecnoloxía, Física e Química e Sistema e Aplicacións Informáticas.

- ★ Posto de asesoría de didáctica e divulgación museística: neste caso si que se indica correctamente que a especialidade de Xeografía e Historia terá preferencia mais sen que sexa requisito.
- ★ Postos de carácter transversal (igualdade, novas tecnoloxías, convivencia e benestar, programas educativos, internacionalización, innovación, entre outros). Non debe limitarse como requisitos ser de corpos de réxime xeral (PES, Mestras) senón que deben estar abertos a todos os corpos (indicando, se procede, algún perfil preferente). De feito hai algúns postos que si están abertos e outros non, sendo moi similares nas funcións.
- ★ No tema dos corpos tamén se detectan incoherencias cando nalgúns casos se inclúe o corpo de PTFP e noutros non. En todo caso hai un erro que se debe corrixir: falta indicar que o corpo PTFP está para extinguir e debe incorporarse o corpo de PSSFP.
- ★ Na asesoría de programas para linguas estranxeiras non se debería limitar como requisito o nivel C1 de Inglés e Francés. Outras linguas con profesorado especialista como Portugués, Alemán ou Italiano debería ser válidos. Se para algunha das prazas se precisase o coñecemento dun idioma concreto debería indicarse expresamente e diferencialo na convocatoria. Neste mesmo apartado chama a atención que se fale de nivel B1 e non de B2 para outros idiomas.

A argumentación da Consellaría céntrase nas diferentes necesidades que se indican por parte dos diferentes servizos e direccións xerais da Consellaría.

## **Outros aspectos que propomos que se modifiquen ou aclaren:**

- ★ En coherencia co que propuxemos para as prazas de CFR e CAFI demandamos que se limite a profesorado con destino en Galiza. **Confirman que así será.**
- ★ Partindo da preferencia que debe ter o actual funcionariado de carreira, consideramos que se debe indicar que poderá participar quen o será para o curso próximo, vinculado a que sexa efectivo ese nomeamento. Na realidade, a Consellaría ten nomeado en comisión de servizos a funcionariado en prácticas, polo que excluír a quen agora o está e vai ser funcionario de carreira no momento de exercer a asesoría non parece correcto. A Consellaría reafírmase na decisión de que será pechado a quen, no prazo de presentación de solicitudes, sexa funcionariado de carreira.
- ★ Os postos 13 e 16 (asesoría en programas educativas teñen uns perfís case idénticos polo que se deberían agrupar ou ben identificar claramente as diferenzas. Indican que aínda que parecen idénticos perfís son, en realidade, para funcións diferentes.
- ★ No posto de coordinación para a formación da inspección educativa non se inclúe o propio corpo de inspección. **Están de acordo e vano incluír.**
- ★ Non se entende porque o posto 29, 31, 32 e 33 (prazas de asesoría de proxectos e programas de avaliación educativa para as que se pide un nivel B2 de Inglés, cando en postos similares ou mesmo idénticos -30- non se pide). Non consideramos que ese nivel deba ser requisito.

## **Comisión e Subcomisión**

---

Consideramos que debe existir unha única comisión na que estean presentes persoas

con experiencia nas áreas de asesoría. Non estamos de acordo co papel que se reserva a subdireccións e xefaturas de servizos na comisión e que a existencia dunha subcomisión técnica dependa da vontade dos cargos da administración educativa. Os sindicatos con representación na mesa sectorial debemos ser convocados ás reunións da subcomisión.

## **Contra a alta subxectividade na baremación**

---

Existe un elevado nivel de subxectividade que pode dar lugar, se así o considera a Consellaría, a tomar decisións arbitrarias á hora de elixir unha ou outra persoa para un determinado posto.

Non estamos de acordo coa entrevista porque incrementa o alto carácter subxectivo da convocatoria e, como no caso dos CFR e CAFI, de facerse, e contra do noso criterio, debe facerse a todas as persoas e cunha guía ou rúbrica.

## **Evitar as designacións a dedo con posterioridade á adxudicación de prazas.**

---

A Consellaría, no caso de que existan persoas que opten por unha praza e non a acaden, deben terse en conta para posíbeis cobertura de vacantes en caso de que queden desertas.

## **Baremo**

---

No apartado 1, débese incrementar a puntuación total por servizos prestados de 5 a 6 puntos en coherencia co que solicitamos na orde de asesorías de formación.

Débese suprimir o apartado 4 referido a méritos por postos na Administración porque supón un agravio comparativo para aquelas persoas que nunca desempeñaron este tipo de postos e parten nunha situación de inferioridade. De puntuarse, debería integrarse como subapartado do punto 1.